

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

1. Introducción

O CEIP de Roxos está situado na parroquia de Villestro no Concello de Santiago de Compostela. Recibe alumnado das parroquias de Villestro, Lاراño na súa totalidade, da zona de Moas de Abaixo (parroquia de Figueiras) e da zona da Urbanización de Brandía (parroquia de Vidán).

Está situado, polo tanto, no que se considera zona rural do Concello de Santiago, aínda que non se corresponde co que tradicionalmente se define como zona rural, xa que as familias do alumnado non se adican, exceptuando casos contados, a traballos do sector primario. Unha boa parte dos proxenitores do alumnado (normalmente traballan os dous).

En xeral, o alumnado do Centro presenta un bo rendemento académico posiblemente debido, entre outros factores, á boa coordinación coas familias, a que o nivel socio-económico-cultural das familias é medio-alto (existen excepcións), a unha boa oferta cultural cerca do lugar onde viven.

En canto á lingua materna do alumnado, podemos dicir que a pesar de que ata fai pouco tempo se usaba nunha proporción similar a lingua castelá e a galega, nos últimos anos observamos un certo predominio da lingua castelá. O idioma vehicular do centro é o galego.

O Centro dispón de comedor e transporte.

A presente programación didáctica desenvolverase no CEIP de Roxos nos grupos de 2ªA e de 2º B que teñen 20 e 19 nenos e nenas respectivamente con idades comprendidas entre os seis e os sete anos. Son grupos de alumnos heteroxéneos con diferentes tipos de necesidades educativas polo que recibirán apoio da mestra de Audición e Linguaxe e da mestra de Pedagogía Terapéutica, sempre que estes/as profesionais teñan dispoñibilidade horaria.

No curso 2024-25 escolleron a opción de PROXECTO COMPETENCIAL 14 alumnos/as de 2º A e 15 alumnos/as de 2º B. O proxecto competencial deste curso ten como obxectivo principal coñecer e valorar o teatro escolar. Para iso, propoñemos unha serie de actividades que permitirán aos alumnos e alumnas achegarse a este mundo máxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aproximación ao teatro mediante o xogo.	- Presentación do proxecto. - Achegar o teatro ao alumnado mediante xogos, linguaxe corporal e recursos creativos.	33	13	X		
2	Preparación da obra.	- Texto teatral. - Reparto de papeis. - Ensaio e diálogos. - Valorar a linguaxe corporal e a memorización de pequenos textos. - Decidir o título da obra.	33	13		X	
3	Escenificar a peza teatral.	- Facer decorados. - Reforzar os papeis teatrais mediante ensaios. - Facer "italianas". - Posta en escea da obra final.	34	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aproximación ao teatro mediante o xogo.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do teatro como medio de expresión e linguaxe corporal.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para o teatro.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

Contidos

- Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Preparación da obra.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Escenificar a peza teatral.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os produtos que foron elaborados no proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Introducción ao teatro". Neste proxecto, traballaremos a posta en escea, a linguaxe corporal e oral para traballar as competencias clave nos tres trimestres, contribuíndo interdisciplinarmente as diferentes áreas do curriculum. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento, sobre todo na linguaxe oral e escrita.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS
RECURSOS MATERIAIS
RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS DIXITAIS
RECURSOS ESPACIAIS

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, mapas, globo terráqueo, atlas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do mes de setembro para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo á volta do verán da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta que se trata de alumnado que xa estaba no centro no primeiro nivel e que xa leva un curso coa súa titora. O Departamento de Orientación xa é coñecedor das necesidades específicas do alumnado do grupo e incluso xa está feita a previsión de horas de atención do profesorado especialista do Departamento de Orientación desde xuño.

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.

- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas.
- Autoavaliación.
- Rutinas de pensamento.
- Cuestionarios de avaliación inicial
- Probas para valoración

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións en cada Unidade didáctica que compón o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como traballos en grupo, individuais, observación directa e sistemática.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Os criterios cualificadores a ter en conta serán os seguintes:

.Valoración de contidos e competencias adquiridas mediante táboas de indicadores: 20%

.Traballos realizados na aula de xeito adecuado e presentación dos mesmos: orde, limpeza: 20%

.Actitude na aula e no centro: organización de materiais propios e alleos e normas de convivencia mediante a

observación sistemática: 30%

.Valoración da actitude na aula: interese, atención, participación, esforzo e colaboración mediante rexistros recollidos na observación directa do traballo realizado na aula: 30%

Criterios de recuperación:

Segundo a lexislación vixente a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. En canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliar ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro).
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión lectora, expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos e rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X	X	X
ET.5 - Prestarase atención a educación emocional e en valores.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a actividades didácticas propostas polo Concello de Santiago e outras que nos oferten diferentes institucións e organismos.	Saídas á contorna.	X		
Participación nas conmemoracións de obrigado cumprimento. propostas polo Equipo de Actividades Extraescolares, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e polo Equipo de Biblioteca.	Exposicións e decoracións do colexio e da aula.	X	X	X
Participación en actividades e saídas didácticas organizadas dende o centro e relacionadas co Proxecto Integrado decidido dende a Biblioteca escolar para este curso.	Saídas á contorna.			X
Participación en actividades organizadas no centro como : O Magosto, O Samaín, O Nadal, O Entroido.	Exposicións e decoracións do colexio e da aula.	X	X	X

Observacións:

- Entre os propósitos que perseguen estas actividades extraescolares e complementarias destacan:
- Completar a formación que reciben os alumnos e alumnas nas actividades curriculares.
 - Mellorar as relación entre o alumnado axudándolles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
 - Permitir a apertura do noso alumnado ao contorno físico e cultural que o rodea.
 - Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes relacionadas coa interacción e o respecto as demais persoas e ao cuidado do patrimonio natural e cultural.
 - Favorecer a curiosidade, sensibilidade e creatividade do alumnado.
 - Espertar o sentido de responsabilidade nas actividades propostas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación: coherencia de obxectivos e contidos, temporalización, organización de recursos e materiais e procedementos de avaliación
Metodoloxía empregada
Préstase atención aos elementos transversais?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Información e implicación das familias?
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención a diversidade: que medidas se empregaron?
Clima de traballo na aula
Alumnado: motivación, explicacións individuais e información de resultados/erros obtidos nas tarefas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grado de coordinación co resto do equipo docente?

Descrición:

Estes indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente empregando diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.

5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades.

9. Outros apartados